

ACTA DA 2ª SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA O DÍA 11 DE XANEIRO DE 2018 DO PROCEDIMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN ORDINARIA DO SUBMINISTRO DE COLECTORES DE RECOLLIDA DE CARGA TRASEIRA RSU PARA O SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DO CONCELLO DA ESTRADA CON CARGO AO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2017-Liña 1.

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial do Concello da Estrada, sendo as 11:32 horas do día 11 de xaneiro de 2018, reúnense os integrantes da Mesa de Contratación nomeados para o contrato do SUBMINISTRO DE COLECTORES DE RECOLLIDA DE CARGA TRASEIRA RSU PARA O SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DO CONCELLO DA ESTRADA CON CARGO AO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2017-Liña 1, que a continuación se relacionan:

PRESIDENTE: O Sr. Alcalde D. José C. López Campos.

VOGAIS:

- Dona María Jesusa Fernández Bascuas, Secretaria acctal., Municipal
- Dona Ana María Vigo Fariña, Interventora Municipal.
- D. Juan Manuel Constenla Carbón, 1º Tenente de Alcalde
- D. Luis Rendo Araujo, en representación do PS de G-PSOE.
- Non asisten:
- D. Xosé Magariños Maceiras representante do BNG
- Dona Mar Blanco Casais, representante de MOVETE.
- SECRETARIA DA MESA: Dna. María Josefa Martínez Barros, Administrativo adscrita ao Departamento de Secretaría.

Polo Presidente, indícase aos compoñentes da Mesa que, de conformidade co acordado pola Mesa na reunión mantida o día 30 de novembro de 2017, na que se procedeu á apertura do sobre A (documentación administrativa) detectouse que das tres empresas que se presentaron a esta licitación, a mercantil JCOPLASTIC IBÉRICA 2000 S.L., tanto a declaración responsable como a declaración xurada respecto daquelas empresas coas que ten algún tipo de vinculación, tal e como se establecía na cláusula 8, sobre A (documentación administrativa) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, atópanse sen asinar.

A Mesa considerando que se trata dunha omisión enmendable, requíruselle á indicada empresa para que, en caso de que se segue interesada neste procedemento, aportara as indicadas declaracións asinadas, para o que se lle concedeu un prazo de tres días hábiles a contar dende a recepción do requirimento, de conformidade co establecido no PCAP.

Segundo consta no expediente o oficio requiríndolle para que completase a documentación enviouse o día 30 de novembro de 2017 ás 14:49 horas.

A indicada empresa non recolleu, dentro do prazo establecido, a notificación enviada telemáticamente polo que, de conformidade co artigo 43.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas unha vez transcorridos os dez días naturais sen acceder ao contido da notificación electrónica, enténdese rexeitada cos efectos previstos no artigo 41.5 do citado texto legal.

Polo tanto ao non subsanar en tempo e forma o defecto na documentación do sobre A, a Mesa acorda por unanimidade excluír á empresa JCOPLASTIC IBÉRICA 2000 S.L., desta licitación.

A partires deste intre o acto pasa a ser de carácter público.

Asisten ao mesmo D. Antonio Pena Seijo con DNI nº 32829270J e D. Francisco Javier Abeledo Rodríguez con DNI nº 44450293X, ámbolos dous en representación da empresa PLASTIC ONMIUN SISTEMAS URBANOS S.A.

A continuación e de conformidade co establecido nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e anunciado no Perfil do Contratante, polo Presidente da Mesa procédese á apertura do sobre B (Oferta) das dúas empresas que continúan nesta licitación, obténdose o seguinte resultado:

CONTENUR S.L.

		Puntos
--	--	--------

Oferta económica: (Prezo unitario 183,92 euros IVE incluído) (máximo 60 puntos)	Prezo unitario: 167 € (IVE incluído) ata un máximo de 54.450 euros IVE engadido.	48,78
Colocación dos contedores (máximo 20 puntos)	SI	20
Xestión dos contedores (máximo 10 puntos)	SI	10
Prazo de entrega (1 mes estipulado no prego) (máximo 10 puntos)	Reduce prazo de entrega a 14 días.	10
TOTAL.....		88,78

PLASTIC ONMIUN SISTEMAS URBANOS S.A.

		Puntos
Oferta económica: (Prezo unitario 183,92 euros IVE incluído) (máximo 60 puntos)	Prezo unitario: 135,77 € (IVE incluído) ata un máximo de 54.450 euros IVE engadido.	60
Colocación dos contedores (máximo 20 puntos)	SI	20
Xestión dos contedores (máximo 10 puntos)	SI	10
Prazo de entrega (1 mes estipulado no prego) (máximo 10 puntos)	Reduce o prazo de entrega a 25 días.	3,13
TOTAL.....		93,13

En consecuencia co anterior, e coas previsións do pregos, a Mesa de contratación realiza ao órgano de contratación a súa correspondente Proposta de adxudicación, a favor da empresa PLASTIC ONMIUN SISTEMAS URBANOS S.A., por ser a que acadou a maior puntuación. Non obstante, previamente á adxudicación definitiva, o licitador, no prazo máis breve posible, e non máis alá de 10 días hábiles, deberá aportar:

a) A documentación acreditativa de cumprimento dos requisitos previos, de conformidade co art. 146.4 do TRLCSP (modificado pola Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores) deberá de presentar toda a documentación relacionada na cláusula 8 e que declarou posuír mediante a declaración responsable presentada no sobre A.

b) Xustificación acreditativa de estar ao corrente das obrigas tributarias e para coa Seguridade Social.

c) Xustificación acreditativa de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe correspondente, no ámbito municipal, provincial ou nacional.

d) Xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas art. 96 do RD Legislativo 3/2011. O importe da garantía será do 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado este acto sendo as once horas e corenta e cinco minutos do día do seu comezo.

O PRESIDENTE DA MESA,

A SECRETARIA DA MESA,

(documento asinado electrónicamente á marxe)